# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2016.

**ASISTENTES**

| | GRUPO POLITICO |
|---|---|
| **ALCALDESA, que preside:** | |
| *Dª Mª Lourdes Ucha Varela* | *PP* |
| **CONCELLEIROS:** | |
| *D. Ramón Tilve Castro* | *PP* |
| *D. José Ramón Gondar Pintos* | *PP* |
| *Dª. Milagros Pérez Gándara* | *PP* |
| *D. Rubel Casal Radio* | *PP* |
| *D. José Manuel Méndez Lázaro* | *PP* |
| *Dª. Rosalina Lima Prado* | *PP* |
| *D. José Manuel Ásperez Montes* | *MI* |
| *D. Antonio Rial Lastres* | *MI* |
| *D. José Varela Budelo* | *MI* |
| *Dª Mª del Pilar Prado González* | *MI* |
| *Dª Icía García Fernández* | *PSdeG-PSOE* |
| *D. Manuel Radio Oubiña* | *PSdeG-PSOE* |
| **SECRETARIA:** | |
| *Dª Mª Teresa Escudero Barral* | |

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 8 de febreiro de 2016, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fixoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

N.I.F.: P-36.02700-A — Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2009/40

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2015.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria de data 29 de decembro de 2015; preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que o punto 2º, na redacción da súa intervención faltan preguntas e consideración que formulou en relación co Orzamento Municipal 2016, que achega por escrito e unha vez verificadas se recollen:

- Nos preguntábamos "¿Por qué hai duas partidas para prensa?", na acta aparece como unha afirmación nosa.
- Falta esta pregunta que fixemos: "¿Qué teñen pensado facer na partida de "Promoción turística" dado que se delegou esta tarefa na Mancomunidade do Salnés?"
- A pregunta sobre a Taxa das actividades que organiza o Concello era a seguinte: "A "Taxa s/actividades que organice o Concello en competencias educativas, culturais, deportivas e sociais" diminúe en 7.000€ ¿por qué motivo? ¿Baixa o nº de usuarios según a previsión ou a taxa?"
- Falta esta pregunta: " A "Taxa piscina e instalacións deportivas" diminúe en 11.000€ ¿Vanse fomentar os bonos ou se ten previsto outro suceso?
- En canto á pregunta o catering estaba formulada da seguinte forma: "É significante que o cátering do

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Comedor escolar aumente en 5.000€, mentres que o Prezo público do Comedor escolar descende en 2.000€. ¿Esto significará que o prezo do comedor reducirase, que os usuarios descenderán ou que o Concello pagará co seu remanente a subida do prezo do cátering?
- En canto á conclusión pola que votamos en contra resumoa cos seguintes puntos:

1. Estamos en desacordo coa forma de realizar os presupostos
2. Creemos que as partias destinadas a Servicios Sociais son moi escasas. Deberíase aportar máis recursos
3. Non hai iniciativas para programas destiandos a familias en risco de exclusión social
4. As inversións reais que ten programadas o Grupo de Goberno non consideramos que sexan todas as que os veciños necesitan
5. Non se realizará o acondicionamento dun local para o Comedor Escolar, nin a mellora das instalacións deportivas, ni o aparcamento públio de Dena, nin a adapatación dun pavillón nun Pavillón Multiusos
6. Estos presupostos están incompletos e escasos (Sólo puxeches este punto)

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

A este respecto aclara a secretaria-interventora que non é posible recoller a literalidade de tódalas intervencións, así o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na acta farase constar *"opiñóns sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que hubesen intervido nas deliberacións"*.

Tomada nota, esta acta queda aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporación.

2º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MEAÑO EN RELACIÓN CO ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra ao primeiro tenente de alcalde D. José Ramón Gondar Pintos, quen dá lectura á moción conxunta dos grupos municipais do Concello de Meaño en relación co anteproxecto de Lei de acuicultura de Galicia:

***"AO PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO***

D. José Ramón Gondar Pintos, na súa calidade de Concelleiro e Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Meaño, en nome propio e no do Grupo Municipal do Partido Popular de Meaño, é xunto co Grupo Municipal Socialista PsdeG-PSOE e o Grupo Municipal de Electores Meaño Independiente, (despois dunha Xuntanza mantida acerca **DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA)** presenta ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

***Exposición de Motivos***

1. **Sobre a importancia do sector do mar de Galicia na economía local.**

O Sector do mar de Galicia é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera: mariscadoras a pé, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc... constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Con empregos estables, tamén en épocas de crise, porque están menos expostos ao ciclo económico, ao contrario do que acontece noutras actividades. O sector do Mar dá traballo en Galicia a miles de familias, é en concreto, máis de trinta e tres mil (33.000.-) postos de traballo.
Tamén é un sector estratéxico na economía local polo emprego que incide en diversas actividades da terra:

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

- Empresas provedoras e servizos e suministros (estaleiros, cordelerías, carpintería, montaxes e maquinaria)
- Empresas destinatarias dos nosos productos (depuradoras de moluscos, cocedeiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores)
- Actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc...

Á importancia económica do sector do mar únese ó valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, o que o converte nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, ten unha enorme contribución cualitativa, dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, a un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico: o turismo. O turismo en Galicia está baseado en tres piares: a catedral compostelán, a etnografía/paisaxe e a gastronomía.

Así pois, a fortaleza do sector do mar de Galicia está tamén na paisaxe que as actividades do mar deseñan na rías: as bateas, as embarcacións de pesca e o marisqueo tanto a flote, como a pé nas praias. É ó resultado desas actividades con peixes e mariscos ó que os consumidores outorgan alta estima e prestixio, pois forman parte da excelsa gastronomía de Galicia.

Ninguén dubida de que todos os negocios grandes e pequenos vencellados a actividade turística, directa ou indirectamente, deben boa parte da súa actividade económica ó sector do mar de Galicia.

## 2. Sobre o anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.

O pasado 1 de Outubro, o Consello da Xunta iniciou a tramitación do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia, ***sen un diálogo previo cos sectores produtivos do mar.*** Saíu a exposición pública no Diario Oficial de Galicia do 19 de Outubro, por prazo dun mes e, posteriormente, ese prazo ampliouse ata o 15 de Decembro do 2015 polas protestas orixinadas.

Primeiro foi elaborada a ESGA (Estratexia Galega de Acuicultura) que, segundo propia definición, é un documento de estratexia e orientación política. Agora este Anteproxecto de Lei de Acuicultura incorpóraa e dálle rango normativo de obrigado cumprimento.

Entre outros elementos o Anteproxecto de Lei de Acuicultura contempla:

- O Plan de Ordenación da Acuicultura Litoral en Terra, que establece:
  - Que os propietarios de terras que se neguen a vender serán expropiados a favor das empresas de acuicultura intensiva,
  - O privilexio de eliminar a necesidade de informe previo de incidencia ambiental e a posibilidade de instalar plantas acuícolas en espazos naturais protexidos.
  - A limitación das competencias dos Concellos para decidir sobre a implatación de ditas industrias por seren consideradas de incidencia supramunicipal.
- O Plan de Ordenación de Cultivos Mariños, que establecerá para cada zona das Rías as especies a cultivar e o tipo de gaiola/batea a utilizar.

  De se aprobar como Lei, consolida un trámite lexislativo fraudulento e un engano a cidadanía, aos administrados, e tería como principais perxudicados a toda a xente do mar.
- As autorizacións de marisqueo que pasen a ser acuicultura outorgaráselle unha concesión temporal e -como o resto das concesións-quedan obrigadas a producir uns rendementos mínimos, terán a obriga de pagar os cánons por superficie ocupada (con risco de viabilidade económica das confrarías) e terán

CONCELLO DE MEAÑO ALCALDIA
N.I.F.: P-36-02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA-MU 2000/40
CONCELLO DE MEAÑO SECRETARIA - INTERVENCIÓN

que pasar as embarcacións a 4ª lista perdendo os permex de outras actividades, unha vía máis para a extinción da pesca tradicional e o marisqueo a pé ou a flote.

- Todas as concesións, ó remate ou de non cumpriren os rendementos mínimos, sairán novamente a concurso público e serán concedidas con discriminación que favorece aos máis fortes, xa que obriga a competir a xente do mar contra multinacionais en criterios como maior solvencia económica, financieira e técnica.
  Van privatizar o mar a favor das grandes empresas multinacionais.

3. **A Lei está deseñada para implantar a peixicultura intensiva a escala industrial e vai autorizar todo tipo de especies a cultivar, incluso foráneas ou exóticas, que poderían acabar sendo invasoras do medio natural.**

Para a implantación da peixicultura intensiva, a Lei impulsa a Acuicultura Multitrófica Integrada-AMTI, técnica de cultivo que consiste nun monocultivo de peixe carnívoro (salmón, etc...) que utiliza especies extractoras (moluscos, algas). Esta técnica busca reducir os niveis de contaminación xerados polas gaiolas de peixes co obxectivo de mellorar a súa imaxe pública na procura da aceptación pola sociedade e así, favorecer a súa implatación e a ocupación das augas das Rías.
Para garantir a implantación dos obxectivos da Lei establécese un réxime sancionador represivo e desproporcionado.
A aprobación da Lei e a implantación a escala industrial de gaiolas de peixes vai provocar diversos efectos negativos sobre o medio ambiente:

- Para producir un quilo de peixe precísanse entre 4 e 6 quilos de peixe salvaxe, o que vai supoñer a depredación das pesquerías. Segundo algunhas confrarías e asociación esta necesidade de pensos para as empresas de peixicultura intensiva orixinou que tamén se establecera o criteiro de "descartes cero".
- A contaminación das Rías está asegurada: excrementos e refugallos de peixes, de pensos, fármacos (vacinas, antibióticos) e productos químicos (antiincrustantes, antiparasitarios), propagación de enfermidades e parásitos, etc. Contaminaránse as augas, afectarase a calidade e cantidade dos nosos recursos e deteriorarase a biodiversidade do medio mariño onde todos traballamos, que é patrimonio de todos os galegos/as.
- A contaminación de peixes e mariscos podería levar aparellada vedas "técnicas" ou a prohibición e actividades de pesca e marisqueo por razón sanitarias.
- Asemade, a degradación do medio podería ter impacto directamente relacionado coas toxinas PSP, ASP e DSP.
  Esta Lei defende intereses alleos e vai perturbar a convivencia tradicional e harmónica dos sectores do mar: mariscadoras, mariñeiros, parquistas, mexilloeiros, etc...

4. **O anteproxecto foi elaborado de costas á realidade e ós intereses das persoas que viven do Mar de Galicia. Ningún sector do mar está conforme coa Lei porque entende que está deseñada para desmantelar os sectores produtivos primarios, e empobrecerá as comarcas costeiras.**

Ante o retroceso produtivo das Rías, o que precisan os sectores primarios son verdadeiras políticas estructurais que garantan:

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- A calidade do medio mariño,
- O afortalamento do tecido produtivo e o potenciamento das actividades primarias incentivando a cooperación con liñas de apoio ó desenvolvemento colectivo.
- A recuperación da confianza dos consumidores e o fomento da demanda, e polo tanto da oferta de productos do mar de Galicia, sans e naturais.
- O incremento do valor engadido dos nosos productos, para que a riqueza quede aquí e non vaia para fóra.

Por todo isto, **propoñemos ó Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:**

1.-Instar á Consellería do Mar a retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e ó Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.

2.-Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal á Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº44- entrechán, CP 36600, dirección correo electrónico pdrarousa@gmail.com.""

A Sra. alcaldesa-presidenta abre unha quenda de intervencións, cedéndolle a palabra á Sra. García Fernández, quen manifesta o máxime e unánime apoio do seu grupo ao sector do mar. Engadindo que este Concello vai tarde no tratamento desta moción pero alégrase que nesta moción se uniran tódolos grupos, matizando que non basta coa paralización do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia anunciada polo presidente da Xunta o Sr. Feijoo senón que o que procede e a retirada total desta lei.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen agradece a presenza dos afectados, engadindo que só fai falla ler os carteis que amosan para darse conta de que alguén tivo unha ocurrenza sen contar cos afectados, nin cos técnicos, nin coa xente do mar. A unanimidade pola retirada deste anteproxecto é patente e oxala moitos sectores sexan tan fortes coma o voso.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa agradecéndolle a presenza os afectados e aos restantes grupos municipais a dispoñibilidade acadada para tratar conxuntamente este asunto, xa que o mar é un sector importante na economía galega, do Salnés e tamén de Meaño, porque hai familias que participan del e resultan afectadas. Engade que esta moción reflexa o mal feito que está este anteproxecto de lei, de costas á realidade e ós intereses das persoas que viven do mar, así se resume no punto 4 desta moción. No seu nome e no do seu grupo amosa todo o apoio e compromiso coa moción e comparte o plantexamento xa exposto polos restantes grupos de que non é suficiente con que o presidente da Xunta paralice este anteproxecto senón que é preciso retiralo, xa que se fixo de carón aos sectores implicados.

A Sra. alcaldesa cédelle a quenda de palabra aos asistente, tomando a palabra o patrón maior de O Grove, quen manifesta que xa está todo dito e engade que "o noso traballo non é estar aquí senón mariscar" e con esta lei vai a cambiar; polo que piden o apoio da Corporación porque son os seus representantes e non saben de leis pero si saben o que lle ensinaron e que esta lei vai a cambiar o que eles saben e coñecen do

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 10

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

mar.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1.-Instar á Consellería do Mar a retirada do Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia e ó Consello da Xunta de Galicia para que rexeite dito Anteproxecto de Lei de Acuicultura de Galicia.

2.-Dar traslado do presente acordo á Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, á Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia e á Consellería do Mar.

3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PLAN ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO RURAL DE IGLESIA-LORES.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta, someramente, "Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Iglesia-Lores" que ten por finalidade redefinir parte da trama viaria do Núcleo Rural de Iglesia-Lores coa apertura dun vial que comunique a estrada PO 9205, a cuxo marxe se atopa a zona de aparcamento e de esparcemento da parroquia de Lores, co vial municipal ao que da fronte a Casa Rectoral, a Igrexa parroquial de S. Miguel de Lores e cemiterio parroquial e a sinalización de aliñacións do viario no Núcleo Rural de Iglesia e parte do viario do Núcleo Rural de Lores (Lores); co obxetivo de completar o trazado viario do Núcleo Rural de Iglesia, mediante a apertura deste novo vial que permitirá acadar unha mellora da conexión, accesibilidade e seguridade da circulación interna do Núcleo; así coma da proposta da Alcaldía.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que é unha obra necesaria para este núcleo rural, que mellorará a accesibilidade nesta zona, e solicitada pola asociación de veciños, polo que votarán a favor.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que van a votar a favor, a pesar de que se sinalou que MI non votaría nin favor do que levasen no seu programa, porque consideran que é unha boa obra para Lores; engade que non votaron a favor dos Orzamentos non porque non estivesen a favor das obras senón porque hai liñas roxas que non poden pasar como contemplar un posto eventual de asesora.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestrutura, Urbanismo, Industria, Comercio e Turismo, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Iglesia- Lores, redactado a iniciativa do Concello de Meaño por URBES GESTIÓN DEL SUELO, S.L. e asinado pola arquitecta Dª Sandra Barbeito Méndez e pola abogada Dª Beatriz Piñeiro Gondar; integrado por Memoria, cartografía e anexos (Estudio de sostibilidade ambiental, Resolución de non sometemento ao proceso de avaliación

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ambiental estratéxica, estudio de sostibilidade económica, estudio de elementos patrimoniais, inventario de bens non catalogados e incidencias dos criterios de ordenación, convenio urbanístico, estudio do parcelario e xustificación da proposta e reportaxe fotográfica, estudio de circulación e accesos-xustificación da proposta, análisis e contestación de informes sectoriais e análisis e contestación de alegacións).

2º.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa no Boletín Oficial da Provincia, e dar traslado deste acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto cunha copia auténtica do Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Lores, aprobado definitivamente, con tódolos documentos e planos que o integran.

4º.- DAR CONTA DO INFORME XURÍDICO SOBRE A VIABILIDADE DE QUE O CONCELLO TRANSFORME DE OFICIO EN INDEFINDOS CONTRATOS DE TRABALLO TEMPORAIS.

A Sra. alcaldesa-presidenta da lectura ao informe xurídico, previamente solicitado pola Alcaldía ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra, sobre a viabilidade de que o Concello transforme de oficio en indefinidos os contratos de traballo do persoal laboral que se ven contratando de maneira periódica con carácter temporal.

"GR/io

**Asunto:** Informe xurídico sobre a viabilidade de que o Concello transforme de oficio en indefinidos os contratos de traballo do persoal laboral que se ven contratando de maneira periódica con carácter temporal.

Visto o escrito presentado polo Concello de Meaño no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra (nº de rexistro 2015126209 /data 16 de decembro de 2015) sobre o asunto arriba indicado, pola presente emítese o seguinte

**INFORME**

**OBXECTO**

O presente informe, de carácter xurídico-administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a viabilidade de que o Concello de Meaño transforme de oficio en indefinidos os contratos de traballo do persoal laboral que se ven contratando de maneira periódica con carácter temporal.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

A Alcaldesa do Concello de Meaño solicita informe xurídico ao Servizo de Asistencia Intermunicipal co seguinte teor literal:

N.I.F.: P-3602700-A – Reg. E.L.: 01360274 – Nº REL.GA-MU 2000/40

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

*"ASUNTO: Solicitude de informe en relación con persoal laboral indefinido.*

*O Concello de Meaño anualmente e conxuntamente co orzamento municipal aproba o Cadro de Persoal, que abrangue o persoal funcionario, persoal laboral fixo e persoal laboral temporal.*

*En relación co persoal laboral temporal, nas Bases de Execución dos Orzamentos municipais vense introducindo a seguinte regulación:*

*"Dentro dos créditos autorizados ao efecto, levarase a cabo a contratación de persoal laboral temporal que figura no cadro de persoal, que non poden ser prestados polo persoal funcionario ou laboral fixo de que dispón o Concello ao requirir unha concreta especialización pero que manteñen a temporalidade pola peculiaridade competencial do servizo de que se trate, por depender o seu financiamento doutras administracións ou pola peculiaridade horaria ou temporal das prestacións, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, básicos e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición Adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local".*

*A este respecto teñen o carácter de esenciais, básicos e imprescindibles os seguintes servizos que se veñen prestando polo Concello de Meaño con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, por persoal laboral temporal, previa convocatoria anual dos correspondentes procesos selectivos:*

- *Servizos sociais comunitarios básicos: Coidadoras de axuda no fogar (12 meses)*
- *Escola infantil 0-3 anos: Persoal especializado complementario (meses en función das necesidades) e limpadora (12 meses).*
- *Promoción de actividades xoves, nenos, mulleres e terceira idade (8 meses/2meses)*
- *Centro Social Polivalente (12 meses/8meses)*
- *Centro Social de Dena (12 meses)*
- *Transporte Asistencial (12 meses)*
- *Escola de Música (9 meses)*
- *Aula de acollida e comedor escolar (10 meses)*

- *Limpeza colexios (10 meses)*
- *Piscina Municipal (2 meses)*
- *Auxiliar de Policía (4 meses)*

*Desde o Grupo municipal MI se insiste e así o denunciou ante a Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social que nestas relacións laborais contractuais se está a incumprir a lexislación laboral vixente por canto consideran que deberían ter o carácter de indefinidas.*

*Antes esta situación e tendo en conta que:*

*1º.- Moitas destas prestacións están suxeitas a:*

*- Como definitivamente quede establecido o reparto competencial resultante da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
*- Continuidade do financiamento por parte da Xunta de Galicia (Decreto 148/2014, regulador dos Servizos Sociais Comunitarios e do seu financiamento. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar do CEIP Coirón) e Deputación Provincial de Pontevedra (Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais).*

- *Sustentabilidade económica do Concello.*

*2º.- Nos últimos anos as leis de orzamentos xerais do Estado restrinxen a incorporación de novo persoal, salvo en determinados sectores.*

*Sería posible que o persoal laboral que se ven contratando con carácter temporal e nos que se produza encadeamento de contratos laborais temporais se transforme de oficio por parte do concello en indefinido? En caso de resultar declarados indefinidos, cal sería o procedemento a seguir posteriormente na relación de postos de traballo.*
*En base ao anteriormente exposto; mediante a presente, SOLICITO, ao abeiro do artigo 36.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, asistencia mediante a emisión de informe sobre a cuestión plantexada".*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.** O presente informe emítese ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local, así como nos artigos 109 e 113 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU-2000/49

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

**Segundo.** O réxime xurídico aplicable ao presente expediente ven determinado, entre outra, pola seguinte normativa:

Constitución Española (CE).

Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 (LOXE).

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET).

Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), modificada, entre outras, pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRDLV).

Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do E.T.

**Terceiro.** No presente expediente o Concello de Meaño pregunta sobre a viabilidade de transformar de oficio en indefinidos os contratos de traballo do persoal laboral que se ven contratando de maneira periódica con carácter temporal e, no caso de ser declarados indefinidos, cal sería o procedemento a seguir en relación con estes postos de traballo.

A figura do contrato de traballo indefinido como un "*tertius genus*" entre o contrato de traballo fixo e o temporal no ámbito da contratación laboral das Administracións Públicas foi, ao principio, unha creación xurisprudencial.

No Dereito Laboral o recurso do empresario a contratos temporais sucesivos cun traballador para o desempeño de tarefas que satisfacen necesidades permanentes da empresa e que non responden aos supostos do artigo 15.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que lexitiman a contratación temporal, constitúe unha fraude de lei que é sancionada coa aplicación da normativa que se tratou de eludir e en consecuencia o traballador adquire a condición de indefinido (artigos 15.3 e 5 do TRET).

Sen embargo, esta consecuencia non pode trasladarse automaticamente ao ámbito da contratación laboral polas Administracións Públicas porque os artigos 23.2 e 103.3 da Constitución impoñen que o acceso ás funcións públicas realícese en condicións de igualdade e de acordo cos principios de mérito e capacidade. Estes mandatos constitucionais foron desenvolvidos legalmente polos artigos 1.2.b) e 55 do TREBEP, que engade que se realizarán con publicidade e concretan que son aplicables tamén á contratación de persoal laboral.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

As relacións entre este persoal e a Administración empleadora réxense pola lexislación laboral e polos preceptos do TEBEP que así o dispoñan. Isto significa que a aplicación da lexislación laboral realízase cunha serie de modulacións que son impostas, en primeiro lugar, polos principios constitucionais de interdición da arbitrariedade, de igualdade, de legalidade da actuación administrativa e do servizo desta aos intereses xerais, de igualdade no acceso aos empregos públicos segundo mérito e capacidade e de legalidade do gasto público (artigos 9.3, 14, 103.1 e 3 e 133.4 da Constitución).

Por iso, o artigo 55 TREBEP ordena que a contratación de persoal laboral polas Administracións públicas debe realizarse de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade a través dun procedemento regrado, formal, público e transparente que asegure a adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións para desenvolver e que garanta a imparcialidade, profesionalidade, independencia e discrecionalidade técnica dos órganos de selección. Os artigos 91 e 103 LRBRL reiteran este mandato para as Administracións locais.

Todos estes preceptos imperativos sitúan ás Administracións Públicas nunha posición especial en materia de contratación laboral, porque as irregularidades na mesma non poden levar a que o traballador adquira a condición de fixo á marxe das regras que garanten a igualdade, publicidade, liberdade de concorrencia, mérito e capacitación no acceso ao emprego público.

Neste sentido cabe lembrar que, tras a Sentenza do Tribunal Supremo do 7 de outubro de 1.996, no caso de que se infrinxan as normas laborais sobre contratación laboral de natureza temporal, cometéndose irregularidades na súa aplicación, sobre todo, no referente á duración do contrato subscrito co traballador, é doutrina xurisprudencial que a nova situación poida devir no recoñecemento da relación laboral como indefinida, ou "interinidade indefinida" como a cualifica o Tribunal, pero, nunca dita situación poderá supoñer unha declaración de fixeza a favor do traballador. Así pois, de acordo coa liña xurisprudencial mencionada "*na actualidade plenamente consolidada*", a permanencia do persoal laboral contratado de forma temporal, por prazo superior ao previsto nas distintas modalidades de contratación, de ningunha maneira pode levar á conclusión da súa consideración como persoal fixo de persoal.

A Sentenza do Tribunal Supremo, anteriormente citada, no seu Fundamento de Dereito Segundo, exprésao de forma clara cando di que: "(...) *la contratación laboral en la Administración Pública, al margen de un sistema adecuado de ponderación de mérito y capacidad, impide equiparar a los demandantes a trabajadores fijos de plantilla, condición ligada a la contratación por el procedimiento reglamentario, sin perjuicio de su consideración, en su caso, como trabajadores vinculados por un contrato de trabajo por tiempo indefinido*".
É dicir, en ningún caso as posibles irregularidades cometidas por unha Administración á hora de contratar ao seu persoal laboral, poderá eximir a esta da tramitación do correspondente procedemento selectivo, conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade, constitucionalmente recoñecidos, ademais do de publicidade recollido no artigo 91.2 da



N.I.F.: P-36.02700-A — Reg. E.L.: 01360274 - Nº REXGA: MU-2000 / 40

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

LRBRL.

En conclusión, a xurisprudencia do Tribunal Supremo considerou que as irregularidades cometidas polas Administracións Públicas na contratación laboral non determinan a adquisición polo traballador da condición de fixo senón de indefinido, un *tertius genus* de contrato en que a relación laboral mantense ata que o posto de traballo que ocupe sexa cuberta polos procedementos legais que garantan a ponderación do mérito e a capacidade, a publicidade, a igualdade e a liberdade de concorrencia.

Así, o carácter indefinido do contrato implica desde unha perspectiva temporal que este non está sometido, directa ou indirectamente, a un termo. Pero isto non supón que o traballador consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fixeza no persoal que non sería compatible coas normas legais sobre selección de persoal fixo nas Administracións Públicas. En virtude destas normas o organismo afectado non pode atribuír a pretendida fixeza en plantilla cunha adscrición definitiva do posto de traballo, senón que, pola contra, está obrigado a adoptar as medidas necesarias para a provisión regular do mesmo e, producida esa provisión na forma legalmente procedente, existirá unha causa lícita para extinguir o contrato (STS, Sala do social, do 20 de xaneiro de 1998, ditada en recurso de casación para unificación de doutrina).

No mesmo sentido á anterior, STS Sala do social do 27 de maio de 2002; do 27 de decembro de 2002; e do 11 de novembro de 2003.

Esta xurisprudencia induciu ao lexislador a modificar a disposición adicional décimo quinta do TRET, no sentido de que a infracción polas Administracións dos límites dos apartados 1.a) e 5 do artigo 15 do TRET en relación á duración do contrato por obra ou servizo determinados e ao encadenamento de contratos temporais producirá efectos no ámbito das Administracións públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, sen prexuízo da aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público, polo que non será obstáculo para a obriga de proceder á cobertura dos postos de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios, de acordo co establecido na normativa aplicable.

En cumprimento desta previsión, o traballador continuará desempeñando o posto que viña ocupando ata que se proceda á súa cobertura polos procedementos legalmente establecidos, momento no que se producirá a extinción da relación laboral, salvo que o mencionado traballador acceda ao emprego público, superando o correspondente proceso selectivo.

**Cuarto.** Sentado o anterior, e respecto da cuestión que motiva o presente informe, isto é, a posibilidade de que un contrato laboral temporal convértase de oficio polo Concello en indefinido, hai que ter en conta que cando unha das partes é unha Administración Pública a maior parte da doutrina entende que non opera a autonomía da vontade das partes, ao atoparnos ante unha relación laboral de carácter estatutario.

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 46

Por iso, para recoñecer a condición de indefinido, non fixo, a tendencia maioritaria entende (aínda que a cuestión non é pacífica) que se precisará unha reclamación previa do traballador e unha sentenza da xurisdición social respecto diso, quedando como residual a opción dunha posible revisión de oficio por parte da Administración dos contratos temporais celebrados presuntamente en fraude de lei, segundo o procedemento establecido no artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así, e en base á xurisprudencia apuntada (sentenza do TS Sala 4ª de 20 de 1998 en unificación de doutrina), cando se recoñeza a existencia de contrato celebrado en fraude de lei por sentenza, na resolución da previa reclamación do interesado, poderíanse producir os efectos do artigo 15.3 en relación co artigo 15.5 ambos os do ET, que permite recoñecer a condición de indefinido non fixo dese persoal.

Esa conclusión tamén parece desprenderse á luz do disposto no artigo 28 da Lei de Emprego Público de Galicia, xa que logo cando no mesmo se fala de persoal laboral indefinido o fai referido sempre ao así recoñecido por **sentenza xudicial firme** (*As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de* ***sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido****, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da firmeza da* ***sentenza xudicial****...*).

Neste sentido é preciso sinalar que o establecido na norma autonómica aparece configurado como unha excepción, e como tal non admite interpretacións extensivas (artigo 4 do Código Civil). Así no artigo 28 establécese claramente que o único suposto é a sentenza xudicial, e por conseguinte só esta debe ter estes efectos.

Ademáis, unha posible declaración de oficio por parte do Concello dese carácter indefinido dos contratos, podería entrar en colisión coas limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado que inclúe preceptos de carácter básico que deben ser observados polas entidades locais respecto á limitación de incorporar novo persoal, tendo en conta a denominada taxa de reposición de efectivos e o respecto da dispoñibilidade orzamentaria do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos do Concello.

En conclusión, para que un contrato laboral de natureza temporal convértase en indefinido, unha vez superada a duración da relación contractual inicialmente convida "*según las distintas modalidades de contratación*", deberá ser declarado así por un xuíz, aínda que devandito recoñecemento **nunca determinará a declaración do traballador como fixo de plantilla**, pois esa "*interinidade indefinida*" implica o mantemento da característica temporal do contrato, que só finalizará cando a praza en cuestión sexa ocupada de forma legal, trala creación da mesma e a realización do correspondente proceso selectivo e contratación da persoa seleccionada. Só no devandito momento existirá causa legal para a extinción do contrato

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)
C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

temporal que polo transcurso do tempo deveu en indefinido, o que, á súa vez, levará aparellada a correspondente indemnización a cargo do Concello.

**Quinto.** En canto ás consecuencias da declaración, no seu caso, dos contratos de traballo temporais como indefinidos non fixos e o procedemento a seguir, tomaremos como punto de partido o disposto no artigo 28 da Lei do Emprego Público de Galicia.

Sinala este precepto o seguinte:

*"1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.*

*2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluiranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.*

*3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación."*

O precepto anteriormente citado establece dúas opcións para o concello:

a) A inclusión do posto de traballo na relación de postos de traballo de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, **e a súa incorporación á oferta de emprego público**.

Unha vez incluído o posto de traballo na RPT, o artigo 28 establece o mandato de incorporalo na oferta de emprego público (coa tramitación do correspondente proceso selectivo, mediante convocatoria pública efectuada ao efecto, para promover a súa cobertura a través da forma máis adecuada ás condicións do posto, xa sexa o concurso, a oposición ou o concurso-oposición libre, como sistemas habituais de acceso aos postos da Administración), obriga que podería entrar en contradición coas limitacións impostas respecto á incorporación de novo persoal pola Lei de Orzamentos do Estado do ano 2016 como xa mencionamos anteriormente.

b) A amortización do posto de traballo.

Respecto á posibilidade de amortizar o posto de traballo, as súas consecuencias e o procedemento a seguir, é ilustrativa a sentenza do Tribunal Supremo, Sala cuarta, do Social, de 13 de maio de 2015, que reflicte a nova doutrina unificada neste tema pola sentenza do

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Tribunal Supremo de 24 de xuño de 2014.

Sinala o Alto Tribunal o seguinte "...*Hemos de poner de relieve que la distinción entre una y otra tipología de vínculo contractual del personal laboral de las Administraciones Públicas resulta irrelevante para dar una respuesta definitiva a la controversia. Pues, ciertamente, la jurisprudencia de nuestra Sala había venido afirmando que, tanto los contratos de interinidad por vacante, como los del personal indefinido no fijo al servicio de las Administraciones Públicas, se extinguían al cubrirse la plaza ocupada por el trabajador mediante el proceso ordinario de cobertura o por la amortización de la misma. En este último supuesto se entendía que no era necesario acudir a los procedimientos de extinción colectiva o individual de los arts. 51 y 52 c) ET. Así se plasma en las STS/4ª/Pleno de 22 julio 2013 y STS/4ª de 23 octubre y 25 noviembre 2013 así como en la de 13 enero 2014 -por citar las más recientes-. Recordábamos allí que relación laboral indefinida no fija es una creación jurisprudencial surgida de las irregularidades en la contratación laboral de las Administraciones Públicas, y sosteníamos que estaba " sometida a una condición -la provisión de la vacante por los procedimientos legales de cobertura-, cuyo cumplimiento determina la extinción del contrato de trabajo mediante la correspondiente denuncia del empleador público, sin que sea preciso recurrir a las modalidades de despido que contemplan los arts. 51 y 52 del ET ".*

*Considerábamos, además, que la aceptación de la amortización de la plaza como causa de extinción de los contratos de interinidad por vacante era aplicable a los contratos indefinidos no fijos, porque " se trata de contratos sometidos también a la condición resolutoria de la provisión reglamentaria de la plaza y, por tanto, cuando por amortización de ésta no puede realizarse tal provisión, el contrato se extingue de conformidad con lo dispuesto en el art. 49.1.b) del ET y del art. 1.117 del Código Civil, pues desde el momento en que la plaza desaparece es claro que ya no podrá realizarse su provisión reglamentaria y el contrato indefinido no fijo, que incorpora esa condición, se extingue ". En suma, con arreglo a los criterios tradicionales descritos, la amortización de la plaza tenía el mismo efecto extintivo tanto en una como en otra modalidad contractual. En consecuencia, sería irrelevante la conversión del contrato temporal inicial en uno de carácter indefinido no fijo.*

*Sin embargo, la anterior doctrina ha sido expresamente rectificada por la STS/4ª/Pleno de 24 junio 2014 dictada en un procedimiento de despido colectivo afectante a trabajadores interinos por vacante de una universidad pública. Afirmábamos en ella que los contratos de interinidad por vacante están sujetos al cumplimiento del término pactado: la cobertura reglamentaria del plazo. Se trata de una obligación sometida a término ( arts. 1125 y ss. Código Civil y no a condición resolutoria explícita o implícita ( arts. 1113 y ss. CC ). Se trata de contratos temporales de duración indeterminada en que no consta el momento del término, pero sí que el mismo llegará cuando la vacante ocupada se cubra tras finalizar el proceso de selección convocada para cubrirla (con arreglo, precisamente, a lo que establece el art.70 EBEP. Sosteníamos a continuación que " la amortización de los puestos de trabajo, mediante una nueva ordenación de los mismos, aunque lícita y permitida por el art. 74 EBEP , no puede conllevar la automática extinción del contratos de interinidad celebrado para cubrirla porque no*

N.I.F.: P-36-02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: ML-2007-40

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

*está prevista legalmente como causa de extinción de esos contratos sujetos a un término, cuya mayor o menor duración se ha fijado por la norma y depende de la diligencia de la empleadora en poner en marcha los oportunos procesos de selección ".*

**Obtenemos los plazos de pago de obligaciones en relación con lo dispuesto en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales**

**PAGOS REALIZADOS EN EL TRIMESTRE - 4° TRIMESTRE/2015**

| | | **Dentro do período legal** | | **Fuera del período legal** | |
|---|---|---|---|---|---|
| Período medio de pago (días) | | N° pagos | Importe total | N° de pagos | Importe total |
| 16 | | 469 | 314.619,55 | 45 | 16.533,73 |

**FACTURAS CON MÁS DE TRES MESES SIN RECONOCER LA OBLIGACIÓN - 4° TRIMESTRE/2015**

| **Pendientes de reconocer la obrigación** | |
|---|---|
| **N°** | **Importe total** |
| 0 | 0,00 |

**INTERESES DE DEMORA PAGADOS EN EL TRIMESTRE - 4° TRIMESTRE/2015**

| **Intereses de demora pagados en el período** | |
|---|---|
| **N° de pagos** | **Importe total intereses** |

N.I.F.: P-3602700-A – Reg. E.L.: 01360274 – Nº RELGA: MU 2009/149

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

| | |
|---|---|
| 0 | 0,00 |

**FACTURAS PENDIENTES DE PAGAR AL FINAL DEL TRIMESTRE - 4º TRIMESTRE/2015**

| | | **Dentro do período legal a final do trimestre** | | **Fuera del período legal a final de trimestre** | |
|---|---|---|---|---|---|
| Período medio de pago (días) | | Nº pagos | Importe total | Nº de pagos | Importe total |
| 7 | | 6 | 104.963,81 | 0 | 0,00 |

**<u>Calculado el período medio de pago a provedores según determina el artículo 5 del R.D. 635/2014, de 25 de julio</u>, por el que se desarrolla la metodología de cálculo del periodo medio de pago a proveedores de las Administraciones Púlbicas y las condiciones y el procedimiento de retención de recursos de los régimes de financiación, previstos en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, resulta lo siguiente:**

| **Período** | **Ratio operacións pagadas (días)** | **Importe pagos realizados** | **Ratio operacións pendentes de pago (días)** | **Importe pagos pendientes (€)** | **Período medio de pago global a proveedores trimestral (días)** |
|---|---|---|---|---|---|
| 4º Trimestre 2015 | -13,80 | 321.061,35 | -22,28 | 100.849,98 | -15,83 |

**Del análisis de la ejecución del Plan de ajuste previsto en la Disposición final décima de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio de 2012 para los efectos de corregir el incumplimiento de los plazos establecidos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se concluye que esta entidad CUMPLE el PERÍODO MEDIO DE PAGO**

**- PAGOS REALIZADOS EN EL TRIMESTRES A PARTIR DE LA FECHA DE REGISTRO DE FACTURAS:**

a) Período de pago:

* Considerando el importe: Se efectuó el 95,01 % del importe total de los pagos realizados en el trimestre en período legal y el 4,99 % fuera del período legal.

* Considerando el número de pagos: Se efectuó el 91,25 % de número total de los pagos realizados en el trimestre en el período legal y el 8,75 % fuera del período legal.

b) Período medio de pago:

* El período medio de pago 16 días.

**- FACTURAS PENDIENTES DE PAGAR AL FINAL DEL TRIMESTRE A PARTIR DE LA FECHA DE REGISTRO:**

a) Dentro del período legal de pago 6 operaciónes por un importe total de 104.963,81 €.

b) Fuera del período legal de pago 0 operaciones por un importe total de 0,00 €.

**- FACTURAS CON MÁS DE TRES MESES DE SU ANOTACIÓN EN EL REGISTRO DE FACTURAS SIN RECONOCER LA OBRIGACIÓN:** 0,00 €.

**- INTERESES DE DEMORA PAGADOS EN EL TRIMESTRE: 0,00 €.**

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

**- PERIODO MEDIO DE PAGO, CALCULADO SEGÚN EL ARTÍCULO 5 DEL REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE JULIO**, POR EL QUE SE DESARROLLA LA METODOLOGÍA DE CÁLCULO DEL PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y LAS CONDICIONES E EL PROCEDIMIENTO DE RETENCIÓN DE RECURSOS DE LOS RÉGIMES DE FINANCIACIÓN, PREVISTOS EN LA LEY ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA:

| Período | Ratio operacións pagadas (días) | Importe pagos realizados | Ratio operacións pendentes de pago (días) | Importe pagos pendientes (€) | Período medio de pago global a proveedores trimestral (días) |
|---|---|---|---|---|---|
| 4º Trimestre 2015 | -13,80 | 321.061,35 | -22,28 | 100.849,98 | -15,83 |

Dáse por cumprido o trámite de dar conta.

7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. alcaldesa dá conta das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 15 de decembro de 2015 e o día 8 de febreiro de 2016, números 625/3250 a 644/3370-números 1/13 a 41/350, sobre diversas materias:

| Nº | Data | |
|---|---|---|
| **Pagos / Económicas** | | |
| 632/3313 | 22/12/2015 | Relación de Aprobación de pagos de decembro. |
| 633/3314 | 22/12/2015 | Relación de Orden de transferencia de pagos de decembro. |
| 634/3318 | 23/12/2015 | Relación de pago de nóminas de decembro. |
| 635/3320 | 23/12/2015 | Resolución de pagos de decembro. |
| 636/3322 | 23/12/2015 | Asignación de complemento de produtividade. |
| 645/3372 | 31/12/2015 | Resolución de pagos de decembro. |
| 17/180 | 26/01/2016 | Orden de pagos de xaneiro. |
| 32/280 | 01/02/2016 | Relación de pago de nóminas de xaneiro. |

**Padrón Municipal de Habitantes**

| | | |
|---|---|---|
| 626/3257 | 15/12/2015 | Cambio de domicilio dentro do municipio de B.C.M. |
| 628/3284 | 18/12/2015 | Inclusión no P.M.H. de M.D.P. |
| 629/3285 | 18/12/2015 | Cambio de domicilio dentro do municipio de M.T.J.R. e outro. |
| 1/13 | 30/12/2015 | Inclusión no P.M.H. de F.T.H. |
| 2/14 | 30/12/2015 | Inclusión no P.M.H. de S.M.M. |
| 12/127 | 21/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de K.M. |
| 13/128 | 21/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de I.C.S. |
| 14/129 | 21/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de P.M.R. |
| 15/130 | 21/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de L.G.M. |
| 16/179 | 25/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de P.G.A. |
| 19/226 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de S.C.J.B. |
| 20/227 | 26/01/2016 | Cambio de domicilio dentro do municipio de G.B.A.M. |
| 21/228 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de P.S.X. |

N.I.F.: P-3602700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/10

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

| | | |
|---|---|---|
| 22/229 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de F.A.R. |
| 23/230 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de S.O.M. e outro. |
| 24/231 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de O.S.T. |
| 25/232 | 26/01/2016 | Cambio de domicilio dentro do municipio de L.N.C. e outro. |
| 26/233 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de A.P.J. |
| 27/234 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de C.A.I. e outro. |
| 28/235 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de F.A.M.V. |
| 29/252 | 28/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de O.C.J.L. |
| 37/318 | 03/02/2016 | Inclusión no P.M.H. de L.M.D. |
| 38/319 | 26/01/2016 | Inclusión no P.M.H. de A.R.L. e outros. |
| 39/320 | 03/02/2016 | Inclusión no P.M.H. de P.M.M.C. e outros. |

**Varios**

| | | |
|---|---|---|
| 625/3250 | 15/12/2015 | Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal dun/dunha Técnico/a Superior Animación Socio-cultural. |
| 627/3258 excu- | 15/12/2015 | Designación de suplente para os membros de mesas que resultou sado pola Xunta Electoral de Zona. |
| 630/3300 | 21/12/2015 | Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde. |
| 631/3309 | 22/12/2015 | Reclamación de recoñecemento e aboamento de trienios. |
| 637/3336 | 29/12/2015 | Reclamación de recoñecemento e aboamento de trienios. |
| 638/3339 | 29/12/2015 | Reclamación de recoñecemento e aboamento de trienios. |
| 639/3341 | 29/12/2015 | Reclamación de recoñecemento e aboamento de trienios. |
| 640/3356 | 30/12/2015 | Prórroga de contratación de persoal laboral temporal. |
| 641/3357 | 30/12/2015 | Contratación de persoal laboral temporal. |
| 642/3366 | 30/12/2015 | Nomeamento de coordinador dos servicios sociais municipais. |
| 643/3368 básico | 30/12/2015 | Expediente de contratación do servizo de redacción do proxecto e de execución de campo de fútbol de céspede sintético e urbanización de accesos en Meaño. |
| 644/3370 | 30/12/2015 | Prórroga do Orzamento 2015 ao exercicio 2016. |
| 3/18 | 07/01/2016 | Autorización previa de tirada de fogos o 9 de xaneiro en Meaño. |
| 4/20 | 07/01/2016 | Autorización previa de tirada de fogos o 15 e 16 de xaneiro en Meaño. |
| 5/22 | 07/01/2016 | Autorización previa tirada de fogos o 16, 17 e 18 de xaneiro en Xil. |
| 6/24 | 07/01/2016 | Autorización previa tirada de fogos o 19, 20 e 21 de xaneiro en Lores. |
| 7/32 | 08/01/2016 | Nomeamento de membros da Mesa de Contratación, no procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato de subministro dun tractor con guindastre e remolque para obras e servizos municipais. |
| 8/70 | 13/01/2016 | Reclamacións de recoñecemento e aboamento de trienios. |
| 9/72 | 13/01/2016 | Reclamacións de recoñecemento e aboamento de trienios. |
| 10/86 | 15/01/2016 | Contratación de auxiliar de axuda a domicilio. |
| 11/111 | 20/01/2016 | Limpeza de arbustos que afectan á cuneta do camiño de titularidade municipal P-23-Pista de A Fontaiña, en Pazo do Monte (Padrenda). |
| 18/219 do | 26/01/2016 | Informe de Intervención de análisis da execución do Plan de Axuste 4º trimestre 2015. |
| 30/254 | 27/01/2016 | Solicitudes de licenzas urbanísticas ou de intervención municipal de comunicación previa. |
| 31/278 | 29/01/2016 | Elevar a definitivo o acordo provisorio de aprobación do Orzamento Municipal 2016. |
| 33/293 | 01/02/2016 | Autorización previa de tirada de fogos o 3 de febreiro en Simes. |
| 34/295 | 01/02/2016 | Autorización previa de tirada de fogos o 6 e 7 de febreiro en Simes. |
| 35/304 | 03/02/2016 | Expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial. |
| 36/305 | 03/02/2016 | Inscrición no Rexistro Municipal de Unión de Feito número 17. |
| 40/321 | 03/02/2016 | Convocatoria dunha praza de profesor da Escola de Música Municipal |

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

| | | |
|---|---|---|
| | | de Meaño para a especialidade de bombardino/tuba. |
| 41/350 | 08/02/2016 | Convocatoria da Mesa de contratación para a adxudicación do subministro dun tractor con guindastre e remolque. |

Dáse por cumprido o trámite de dar conta.

8º.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES INDEPENDIENTES DE MEAÑO (IM).

Antes de inicia-la consideración deste punto do orde do día a Sra. alcaldesa da lectura ao informe emitido pola secretaria-interventora, con data 3 de febreiro de 2016, a instancia da Alcaldía:

"De acordo co ordenado pola Alcaldía, mediante providencia de data 3 de febreiro de 2016, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e o artigo 173 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, emito o seguinte,

**INFORME:**

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Fundamentos xurídicos:

**Primeiro.-** O artigo 97 do (ROF), no punto 3 define "*Moción, es la propuesta que se somete directamente a conocimiento del Pleno al amparo de lo prevenido en el artículo 91.4 de este Reglamento. Podrá formularse por escrito u oralmente.*"
E no punto 6 definie "*Ruego, es la formulación de una propuesta de actuación dirigida a algunos de los órganos de gobierno municipal. Los ruegos formulados en el seno del Pleno podrán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.*

*Pueden plantear ruegos todos los miembros de la Corporación, o los grupos municipales a través de sus portavoces.*

*Los ruegos podrán ser efectuados oralmente o por escrito y serán debatidos generalmente en la sesión siguiente, sin perjuicio de que lo puedan ser en la misma sesión que se formulen si el Alcalde o Presidente lo estima conveniente.*"

**Segundo.-** Segundo establece o artigo 7.1 da LBRL, as competencias dos entes locais poden ser de dous tipos: propias ou atribuídas por delegación. En canto ás competencias propias dos concellos, estas están recollidas no art. 25 da LBRL e en canto sá dos seus órganos de goberno, Pleno e Alcalde, nos arts. 21 e 22 da LBRL respectivamente e arts. 41 e 5 do ROF .

Este principio de competencia implica que o Pleno non pode acordar cuestións que sexan competencia da Alcaldía, nin esta ditar resolucións que sexan competencia de do Pleno, agás nos casos de urxencia ou de delegación respecto de determinadas materias.

N.I.F.: P-3602700-A – Reg. E.L.: 01360274 , Nº RELGA: MO 2000 / 40

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

**Terceiro.-** Dentro dos dereitos dos concelleiros e no exercicio a súas funciones, poden presentar nas sesións plenarias mocións (art. 97,3, do ROF), que han de ser obxecto de debate e votación e que deben conter unha parte expositiva e outra dispositiva, esta última contendo o acordo ou acordos a adoptar.

Nunha moción cuxo contido se refira a un asunto que exceda da competencia municipal ou da do propio pleno, o único acordo posible a adoptar sería unha simple e mera toma de posición do Pleno pero nunca a adopción dun acordo polo que o Concello adopte decisións de fondo en cuestións alleas á competencia do Concello e que sexan competencia de órganos de outras Administracións.

As mocións pois, non poden modificar a competencia dos órganos de goberno, polo que se o asunto sobre o que se propón a moción non é de competencia do Pleno ou seu contido non ten carácter de moción non se debatirá se nin se votará. Ademais non procedería que a moción conleve a aprobación dunha decisión que deberá ser tomada por outro órgano.

Se o contido da moción que se presenta ó Pleno, excede da súa competencia ou non responde ao carácter de moción, non procedería adoptar acordo e deberá tratarse como un rogo (art. 97,6 ROF) e neste senso así se recoñece no art. 91,4 ROF, cando di en relación coa sesións ordinarias que: *"concluido el examen de los asuntos incluidos en el orden del día y antes de pasar al turno de ruegos y preguntas, el Presidente preguntará si algún grupo político desea someter a la consideración del Pleno por razones de urgencia, algún asunto no comprometido en el orden del día que acompañaba a la convocatoria y que no tenga cabida en el punto de ruegos y preguntas."*

Pola súa parte o rogo, que é unha formulación dunha proposta de actuación dirixida a un órgano de goberno, está destinado á intervención dos membros do Pleno sobre asuntos non incluídos na orde do día e que polo tanto non son susceptibles de votación e acordo. Non obstante iso, o Presidente pode, unha vez emitido o rogo abrir debate a continuación pero non someter a votación a proposta.

Neste sento a STS de 16 de decembro de 1986 – (Arz. 7158) establece: "... *solo aquellas cuestiones que sean de la competencia del Pleno puedan constituir materia de examen y decisión por parte de éste, al ser aquella la medida de la potestad que a un órgano se atribuye por la ley y que éste no puede rebasar ni en cuanto al contenido legalmente fijado ni en cuanto al que resulta de los fines que dieron lugar a dicha atribución."*

Adquire pois relevancia para admitir as mocións a distinción entre moción e rogo, pois se o contido da proposta en que a moción consiste pode quedar subsumida nun rogo, non procederá a aceptación da moción presentada.

En conclusión, a través de mocións, o Pleno non pode adoptar decisións de fondo, unicamente unha mera toma de posición, en materias de competencia de órganos de outras Administracións, nin tampouco suplantar a competencia dos órganos de goberno minicipal.

Este é o meu parecer que se somete a outro mellor fundado en dereito."

De seguido a Sra. alcaldesa cédelle a palabra ao Sr. Ásperez Montes, quen sinala que considera que os asuntos presentados para ser debatidos e votados son mocións, así xa se teñen tratado asuntos como o servizo transporte regular de viaxeiros que explota Mombus ou a limpeza dos ríos como mocións e non entende a que se debe este cambio de postura e tampouco entende que o grupo de goberno non se posicione con relación cos asuntos que se formulan.

* Rexistro de entrada de data 03-02-2016, nº 464.

O Sr. Ásperez Montes pasa a dar lectura:

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 • Nº REL.GA.-MU-2000 / 40

"Eu, Jose M Aspérez Montes, con DNI n° 76813 900H, como portavoz do grupo de Concelleiros da ***Agrupación de Electores Meaño Independiente***, a través do presente escrito,

EXPOÑEMOS:

-Que tras as inversión aprobadas no presuposto para o ano 2016, referentes ás instalacións deportivas do Concello , onde non se recolija ningunha actuación concreta nos tres pavillóns do Concello respecto dos problemas de utilización que estes teñen Que estando o pavillón de Dena con continúos problemas de condensación, provocando que os nenos do colexio non poidan dar as clases programadas e o ciube de balonmano Asmubal obrigado de maneira regular a desprazarse a pavillón doutros concellos

Que estando o pavillón de Xil sin prácticamente uso dende a súa inauguración, sobre todo en períodos de outono, inverno e incluso primavera, provocando tamén incidentes de traslado de actividades e a imposiblidade de contar con esta instalación como alternativa de uso

Estando as instalacións do pavilión de Meaño nunhas condicións similares as dos outros dous pavillóns e da mesma maneira non podendo contar con él como instalación alternativa

MANIFESTAMOS:

Que dende o Concello se deben poher os medios para evitar que esta situación se continúe a repetir

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

**Se someta a votación a mellora para eliminar os continuos problemas de condensación que sufren os pavillóns do noso Concello preparando unha instalación que poida acoller neles uns cañóns de calor, e que segundo ternos comprobado sería unha inversión asumible polo Conceilo e remataríamos co devandito problema."**

Engade o Sr. Ásperez Montes que cos cañóns de calor están saíndo do paso en varios pavillón que tiñan problemas similares, que coñezan no Grove e en Redondela.

* Rexistro de entrada de data 03-02-2016, nº 465.

O Sr. Ásperez Montes pasa a dar lectura:

"Eu, Jose M Aspérez Montes, con DNI n°7681390011, como portavoz do grupo de Concelleiros da ***Agrupación de Electores Meaño Independiente***, a través do presente escrito,

EXPOÑEMOS:

-Que tras as diversas publicacións que de maneira reiterada veñen aparecendo nos medios de comunicación, así coma os pronunciamentos do Concello de Sanxenxo, e outras partes interesadas, sobre a posta en funcionamento do Polígono Industrial de Nantes-Sanxenxo, o cal pasaría por a conexión das residuáis a EDAR de Dena, dende o noso grupo

MANIFESTAMOS:

O noso apoio a que esta área industrial se desenrole e comece a recibir a instalaciós de empresas no mesmo, o cal entendemos sería beneficioso tamén para os nosos veciños e Concello

Que no caso de realizar á conexión a EDAR de Dena, esta sexa totalmente nova, con maior capacidade, que supoña unha mellora da existente, e se aproveite para deixar dende o mesmo momento un paseo ó pé do río ata Os Pasales

Que dende o noso Concello se faciliten as instalacións necesarias, pero sempre sin causar perxuízo para os nosos veciños e cumprindo co as normas vixentes

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

**Se someta a votación a petición e solicitude por parte do Concello dun informe a entidade responsable da EDAR (Augas de Galicia), sobre a capacidade da mesma para recoller todos os residuos que có enganche do Polígono Industrial debería soportar, e tendo en conta unha ocupación do Polígono de a lo menos un 80%."**

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

Engade o Sr. Ásperez Montes que desde agosto o grupo municipal do MI e do PSdeG-PSOE viñeron solicitando información en relación con este asunto e desde a Alcaldía se respondeu que podía haber problemas de cotas non aportando máis datos; desde MI quedan sorprendidos ao coñecer a existencia dun informe técnico do 10 agosto, polo que entenden que desde o Concello xa se estaba estudiando a posibilidade de conectar as augas residuais do polígono industrial de Nantes a EDAR. Engade que cree que se lle mentiu os veciños e que se oculta información; sinalando que este proxecto, que pode ser beneficioso para Meaño, pode quedar incompleto si non se dispón de información e si non se pode participar nunha decisión mellorable.

* Rexistro de entrada de data 03-02-2016, nº 466.

O Sr. Ásperez Montes pasa a dar lectura:

"Eu, Jose M Aspérez Montes, con DNI nº 76813900H, como portavoz do grupo de Concelleiros da Agrupación de Electores Meaño Independiente, a través do presente escrito,

EXPOÑEMOS:

-Que tras as inversión aprobadas no presuposto para o ano 2016, referentes ás instalacións deportivas do Concello, non se recollía ningunha actuación concreta sobre os campos de Dena e de Xil.

-Que estando inicialmente previsto unha inversión, segundo o presuposto, para os anos 2016 e 2017 no campo da Toxa en Meaño, e sendo desta maneira, probablemente non se poida contar co uso desta nova instalación ata ben entrado o ano 2017 ou incluso 2018

-Que estando o céspede artificial do campo do Dena xa nunhas condicións impracticables para a próxima tempada

-Que o campo do Xil segue nunha situación sin solución por parte do Concello

Polo tanto ambos clubes nunha delicada situación de uso das súas respectivas instalacións

MANIFESTAMOS:

Que dende o Concello se deben poñer os medios para evitar que na próxima tempada todos clubes, Dena, Xil e Meaño, teñan e sepan dende data razoable cales serán as instalcións a empregar

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCION:

**Se someta a votación a mellora para este verán do céspede artificial do campo das Cachizas de Dena, xa que sería o emprazamento idóneo para darle acollida o CD Xil e o Meaño para poder xogar as súas ligas, mentras se realizan as obras no campo da Toxa, así como instar o Concello para que de forma inmediata forme un grupo de traballo con técnicos e afectados pan buscar unha definitiva solución ó campo de fútbol do CD Xil."**

Toma a palabra a Sra. García Fernández, preguntándolle ao Sr. Ásperez Montes si coñece a opinión dos directivos do Unión Dena C.F. en relación coa súa disposición a que outros clubs xoguen no seu campo.

Engade, en relación á EDAR que mediante escrito que tivo entrada no Concello con data 05-10-2015 solicitou información en relación con este asunto e alégrase que este grupo se sume a preocupación. O mesmo en relación ao problema da condensación, xa que o seu grupo, na sesión do Pleno de data 14-12-2015, manifestou a súa preocupación.

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala, en relación cos campos de fútbol, que o Deportivo Xil C.F. non pidiu ningún campo de fútbol senón que foi a alcaldesa quen pediu un campo de fútbol para que este equipo puidese xogar nesta tempada. Ao no realizar as obra no campo de fútbol de Meaño, o Meaño Fútbol C.F. seguiu xogando neste campo e o Deportivo Xil C.F. cando xa se dispoñía dun campo manifestou que iría xogar ao campo de fútbol de Dena; que sexa o Deportivo Xil quen explique porque ao principio no quería ir a xogar ao campo de Dena e despois si. Engade que non se vai a mellorar o campo de fútbol de Dena mentras non se remate o campo de fútbol de Meaño e en calquera caso a planificación dos investimentos correspóndelle ao grupo de goberno e no 2016 esa obra non está prevista.

Polo que respecta ao problema de condensación que se da no Pavillón de Xil e que se está a dar este ano no pavillón de Dena xa foi consultado co arquitecto municipal e cun enxeñeiro industrial e ambos coinciden en sinalar que os cañóns de calor non solucionarían o problema, así co cañón de calor xa se ten probado no pavillón de Xil e non foi solución, polo que antes de facer un investimento hai que estudialo.

En cando ao colector do Polígono Industrial de Nantes e o paseo fluvial, sinala que parece que hai un cambio de postura neste grupo. Este tema ven de varios anos atrás e xa foi considerado polo anterior alcalde e agora o actual grupo de goberno do Concello de Sanxenxo o volve a retomar e desde este Concello, si o proxecto de Sanxenxo prospera, está considerando incluír a senda fluvial que xa se tiña prevista, polo que nos parece beneficioso para Meaño. Sinala que non se agochou información e do que se dispoñía era dunha memoria da senda e datos das cotas; actualmente estase a traballar na redacción dun proxecto conxunto no que se inclúan as obras que lle afectan ao Concello de Sanxenxo e a senda fluvial de Meaño e dun convenio que regule a participación de cada concello e de momento non se solicitou ningún informe nin autorización porque se efectuará no intre que se dispoña do proxecto.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que estarán vixiantes en relación con este proxecto e tamén das autorizacións que lle corresponden a Augas de Galicia. En canto aos cañóns de calor para os pavillóns sinala que no pavillón do Grove funciona e noutros pavillóns tamén e polo que respecta ao Deportivo Xil preocúpalle non donde xoga senón que chegue a xogar no seu campo.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen insiste que cando se falou deste tema e das dúbidas que se plantexaban en relación coas cotas xa había un informe técnico e sinala que se trata dun tema importante que pode ser beneficioso para este Concello e que é fundamental que se fale con tódolos grupos municipais.

9º.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, quen amosa o seu malestar pola forma de tratar as mocións e formula as seguintes preguntas ¿Qué diferencia hai entre a moción que redactou o PP coas que presentamos nos? Qué

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 – Nº RELGA: ML2060 / 40
CONCELLO DE MEAÑO ALCALDIA
CONCELLO DE MEAÑO SECRETARIA - INTERVENCIÓN

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

entende a alcaldesa por unha proposta de actuación? Solicitamos exemplos que o clarifiquen. ¿En qué exceden as nosas mocións as competencias do pleno? Engadindo que quere que quede constancia de que non están de acordo coa maneira de proceder da alcaldesa porque lle parece inapropiada, que mostra a súa falta de diálogo e expón unha maneira de proceder autoritaria. É moi triste, patético e incluso penoso que cambiase a súa forma de proceder ao sentirse acorralada. Esto recorda á pasada lexislatura de Fole, da que hai moi malos recordos. A cidadanía comeza a darse conta da incompetencia do seu goberno. Non entendemos por qué cambiou a súa maneira de proceder.

* Rexistro de entrada de data 01-02-2016, nº 401.

A Sra. García Fenández pasa a dar lectura:

"O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da sua voceira Icía García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á humanización da área recreativa de Cobas.**

Cobas ten unha das mellores vistas do Concello, debido á súa situación xeográfica, que a coloca sobre a ría de Arousa.
Así, ademais do Mirador de San Cibrán, conta cun mirador natural, situado no Monte da Raposa, onde se atopan o campo deportivo e a Casa de Cultura.
Por outra banda, esta zona foi acondicionada cando se construeu a Pousada, dotándoa de alumeado, beirarrúas, afaltado e pintado, reordenación da circulación do tráfico, creación de glorietas...
Sen embargo, non se acometeu ningunha mellora na área recreativa, a pesar da súa cercanía a un local de hospedaxe, promocionado desde un órgano coma a Deputación Provincial, que previsiblemente animará turística e economicamente a zona.
Tamén hai que recordar que Cobas é coñecida turísticamente polas súas tabernas, bares e furanchos, mobilizando gran cantidade de turistas e visitantes, que acoden a esta parroquia a comer ou cear, en moitos casos acompañados de menores e xente maior, para pasar varias horas nesta parroquia.
O Monte da Raposa está próximo a zona de concentración destes locais e a súa humanización permitiría crear un lugar de esparcemento axeitado e sen riscos, para desfrutar as familias que se achegan a Cobas, ademais dos beneficios para os propios veciños.
Como mostra, a continuación ensínanse unhas imaxes que corroboran o dito:

Por todo iso, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. **Instar á Alcaldía e/ou ao Grupo de Goberno a realización dun estudo da repercusión turística e económica que conlevaría á humanización da área recreativa de Cobas**

* Rexistro de entrada de data 01-02-2016, nº 402.

A Sra. García Fernández pasa a dar lectura:

"O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da sua voceira Icía García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á situación da ponte de Ganón (Xil).**

Dende fai algúns anos esta ponte vén sufrindo un deterioro constante, que se agrava co paso do tempo.
Varios veciños trasladáronos a súa preocupación por esta situación, dado que é unha ponte cun tránsito viario moi elevado, incluído o autobús do transporte escolar, que pasa por enriba entre doce e dezaséis veces á semana, cargado de **MENORES**.
Por outra banda, durante os últimos invernos na **PONTE DE GANÓN**, apareceron boquetes no asfalto, de maneira repetitiva. A solución escollida polo Equipo de Goberno correspondente foi a de bachear novamente ditos boquetes, repetíndose a situación un tempo máis tarde.
Pola contra, a esta Agrupación non lle consta que en ningún momento se investigasen as causas de tales

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)
C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

problemas.
Como mostra, a continuación ensínanse unhas imaxes que corroboran o dito:
Despois de observar as fotografías da estrutura da ponte, parece posible que esta teña un problema grave nos seus alicerces, probablemente causada pola propia auga do río, que circula polos aros de paso.
Ao mesmo tempo, a Alcaldía do Concello de Meaño sempre amosou interese por coñecer o estado real das cousas, ante de tomar decisión drásticas. Unha mostra disto foi cando se solicitou un informe para saber cal era o estado da árbore das Angustias, antes de decidir a súa tala, ou a das árbores dos Pasales, onde se tomaron as mesmas medidas.
Tendo en conta isto, e que pola ponte de Ganón circulan todo tipo de usuarios, incluso menores, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:
**Instar á Alcaldía e/ou ao Grupo de Goberno a elaboración dun informe técnico para abordar o estado real e estrutural da Ponte de Ganón."**

Insiste a Sra. García Fernández en que quizá no queira debatir porque teña medo e se sinta acorralada e o que quere o seu grupo é aportar solucións aos problemas e se lles teñan en conta as súas propostas que están dirixidas por e para os veciños.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen replica que non ten medo a debatir nin se sinte acorralada, pero cada cousa ten o seu nome. Segue a Sra. alcaldesa sinalando que o Sr. Varela Budelo no Pleno de outubro formulou un rogo no senso de que un técnico debería examinar o estado da ponte de Axís; rogo que foi tramitado e solicitouse da Deputación asistencia técnica para comprobalo e elaboración dun informe e dado que a semana pasada os técnicos designados visitaron a ponte de Axís xa se aproveitou para que examinaran a de Ganón.
En canto á proposta formulada en relación á área recreativa de Cobas, contesta a Sra. alcaldesa que o grupo de goberno ao longo desta lexislatura ten pensado actuar neste espazo pero non considera prioritario para este ano.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa pregúntalles aos membros da Corporación si desexan formular algún rogo ou pregunta, formulándose as seguintes:

- Sra. García Fernández:
* Expresan a súa preocupación polos desperfectos que causou o tifón o pasado sábado. O máis grave, aparentemente, produciuse no Pavillón de Xil, que dou mostra da mala estrutura e edificación que tiña. Nos medios de comunicación informouse que a alcaldía esta mañá ía reunirse cos técnicos para cuantificar os desperfetos. Cal é a cuantía? Ademáis, adiantaron que ían replantearse o uso do Pavillón de Xil. Cales son?
* Con qué finalidade se fixo a páxina Web do Concello? Qué se publicita nela e por qué hai actividades que non se publicitan e, en cambio, saen noutros medios?
* O primeiro de ano os concellos de Meaño, Sanxenxo e O Grove sufriron un apagón grave. ¿Qué axudas prestou o Concello aos afectados? ¿Qué medidas tomou? Publicitouno?
* O pasado pleno non me respondeu sobre a situación da RPT. Estase redactando unha nova?
* Xa ten ou pensou algunha solución para a entrada ao Colexio As Covas en Meaño?

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

N.I.F.: P-36.02700-A – Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40

* Cando se van rematar as obras da estrada de Cobas?
* Agradece á alcaldía que se llė faga caso ás súas reclamacións, refírese á limpeza da maleza da finca en Dena, nas cercanías do CEIP Coirón-Dena. A limpeza desta finca era necesaria, xa que causaba un perigo de salubridade na zona.

- Sr. Radío Oubiña
* En relación ao ensanche de Padrenda ¿Cal é a situación actual? O prazo de execución rematou o 31 de decembro.

Contesta a Sra. alcaldesa que:
- O acaecido o sábado foi un fenómeno natural e estanse estudiando e valorando os danos que sufriu o pavillón en canto ao uso, o grupo de goberno no seu programa contemplaba amplialo uso para actividades físicas e estase a estudar.
- O contido da páxina Web anuncios e noticias e dinámica pero pode que queden cousas sen publicar porque os medios son os que son.
- En canto ao apagón sufrido o día primeiro de ano, houbo unha reunión en Pontevedra a que asistiron representantes da Consellería de Economía, Industria e Emprego e de Gas Natural, na que se comprometeron a mellorar a estación de Villalonga e de Nantes e como alcaldesa de Meaño trasladeille a necesidade de que tamén revisasen a torre de As Covas porque nesta zona concreta de Meaño sófrense moitos apagóns e saltos de enerxía que non afectan a outras parroquias. Polo que respecta aos afectados no Concello non se tivo constancia de reclamacións.
- A empresa adxudicataria fixo a relación de postos de traballo pero atopámonos coa limitación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado, no que se establece que os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores ao 1% son inaplicables, só se permiten con carácter excepcional para adecuar as retibucións ao contido do posto de traballo.
- En canto á entrada ao colexio de As Cobas, a entrada é a que é e a solución non é fácil.
- A necesidade de rematar a estrada de Cobas foille transmitida á Sra. presidenta da Deputación Provincial na reunión que se mantivo no Pazo provincial, xa que se trata dunha estrada de titularidade provincial.
- Camiño de Pazo do Monte, ordenouse á propietaria da marxe esquerda a retirado dos vinvieiros que invaden á cuneta do devandito camiño e impiden o uso normal do mesmo e a execución das obras de canalización coa advertencia de que si nos retira os retirará o Concello.

- Sr. Varela Budelo.
* Ao lado do polígono de Nantes hai un regato e o está a limpar, supoño, Augas de Galicia. Que se solicite a Augas de Galicia que continúe coa limpeza para evitar no caso de crecidas maiores danos.
* ¿Está encargado o proxecto do ensanche do camiño de Quintáns-Simes? ¿Que unidades contempla? ¿Vai a incluír tubería de pluviais? Porque canalizar as augas pluviais é importante.
* Plan Xeral de Ordenación, no Capítulo II de gastos contémplase dúas aplicacións que lle afectan ¿que se prevé facer? ¿Vai a expoñerse?. Como tema importante que é sería

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com • Web: www.concellodemeano.com

interesante que se acadase consenso.
* Pista que baixa ás Angustias (Xil) do monte ten arrastres e desperfectos.
* Na rede de saneamento de Picón que baixa do Pazo (Xil) hai unhas arquetas que funcionan mal e acumulan residuos que non proceden nun saneamento, deberían vixiarse.
* O Concello debe ir adoptando medidas tendentes á separación das augas residuais das augas pluviais porque melloraría a calidade do servizo polo que roga que se teña en conta esta cuestión e se vaia tamén concienciando aos veciños.

Contesta a Sra. alcaldesa que:
- Está de acordo coa limpeza dos ríos e no mes de xaneiro fíxoselle unha solicitude a Augas de Galicia para que limpe os ríos do termo municipal.
- En canto ao proxecto de ampliación do camiño de Quintáns, vaise a empezar coa redacción do proxecto e vai a incluír a recollida de augas pluviais.
- Comparte a necesidade de separar as augas pluviais, engadindo que as actuacións dos grupos de goberno estiveron guiados pola priorización dos servizos, saneamento, auga e agora xa se está investir na canalización das augas pluviais.
- Plan Xeral, o equipo redactor entregou un traballo co que non se estaba de acordo e requiriu o pago vía xurisdición contenciosa dándolle a razón ao Concello non obstante hai que seguir traballando no Plan.

- Ásperez Montes.
* Co acontecemento catastrófico do sábado resultou danado o Pavillón de Xil, ¿que medidas se van adoptar?
Contesta a Sra. alcaldesa que xa se están estudiando os danos e posibles reparacións e engade que tamén resultou danado o Colexio de Coirón e a unidade técnica da Consellería xa estivo comprobando os danos e considera como máis urxente a retirada das tellas por perigo de desprendemento, non obstante está previsto que o xoves o colexio funcione con normalidade.
* Sinala, en relación co Pavillón de Xil, que se tome tempo para acadar unha boa solución técnica.
Contesta a Sra. alcaldesa que está de acordo pero non se dispón de moito tempo porque está a chover dentro e está aberto.
* ¿Sábese algo da Pousada, hai algunha alternativa?
* Solicita que se mellore a calidade dos servizo de wifi e se optimice.
* Para solucionar o problema da entrada do sol no Pavillón de Dena colocáronse uns vinilos pero o resultado non é o esperado.
* Concurso de tapas, a iniciativa foi boa pero hai aspectos que se teñen que mellorar porque o premio ós hosteleiros quedou no aire.
* Está rematado o proceso iniciado por inspección de traballo?
* O informe sobre a viabilidade de que o Concello transforme en indefinidos os contratos de traballo do persoal laboral casi non o entendemos, estes traballadores padecen unha situación impropia do momento actual, teñen que concorrer ás probas cada ano para poder volver a acceder ao posto e pola súa profesionalidade non poden nin deben, nin merecer pasar por elas; dubidando do criterio técnico destas probas de

N.I.F. P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº REL.G.A. MU 2000/40

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

selección.

Contesta a Sra. alcaldesa que:
- Da Pousada o que coñece é que Deputación a quere abrila ao público este ano.
- En canto a wifi, valorarase ainda que é un servizo que se configurou para dar servizo ás instalacións municipais.
- En canto a solución adoptada para o Pavillón de Dena, ata o día de hoxe non tivo coñecemento de que persistira problema.
- Concurso de tapas, os membros do xurado, integrado por cualificados profesionais e que participaron altruistamente, dadas as datas nas que se celebrou o concurso non puideron acudir a tódolos establecementos participantes; polo que o desenlace de deixar deserto este premio foi decidido nunha reunión polos propios hosteleiros participantes no concurso.
- Do expediente tramitado por Inspección de Traballo de momento non chegou nada máis.
- En canto ao informe referido descoñece si o entende ou non.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte e corenta minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

Vº e Prace
A alcaldesa

Asdo. Mª Lourdes Ucha Varela

CONCELLO DE MEAÑO ALCALDIA

CONCELLO DE MEAÑO SECRETARÍA - INTERVENCIÓN

N.I.F.: P-3602700-A — Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40